

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014957	CPI de San Sadurniño	San Sadurniño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Descubrimiento e exploración da contorna	6º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A programación da área de Descubrimiento e Exploración da Contorna no curso de 6º de EI ten como finalidade a construción e o coñecemento afianzado do medio físico, natural e social como un todo integrado , así como as súas interrelacións ,favorecendo actitudes de respecto e valoración a través dunha visión sostible do entorno. O fin da área estará ben vinculado cun enfoque coeducativo e estimulador das emocións , así como coa promoción dunha actitude crítica e creativa.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de proxectos de aula formados por situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios).

Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán como referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das proposta é orientativa, podendo ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa.

Esta Programación docente está pensada para ser levada a cabo co alumnado do 6º curso do 2º ciclo de E. Infantil do CPI de San Sadurniño. Centro situado na localidade do mesmo nome e ubicado nun contorno maioritariamente rural. O CPI San Sadurniño conta con 3 unidades de Educación Infantil, 8 unidades de Educación Primaria e 7 unidades de Educación Secundaria Obrigatoria. Ten unha xornada mixta con 3 sesións exclusivamente de mañá e dúas tamén con sesión de tarde e conta con servizos complementarios de transporte e comedor dos que fan uso un importante número de alumnado.

O grupo está formado por 16 nenos e nenas cumprindo, polo tanto, coa ratio máxima permitida de 25 alumnos/as.

Por outro lado na aula contaremos cunha mestra de apoio que compartirá a labor docente neste nivel, o que implica a necesaria coordinación das mestras para partir de principios iguais e traballar na mesma liña.

Dentro do horario contamos coa participación da especialista en Lingua estranxeira: Inglés, da especialista en Música e da mestra de E. Física cunha sesión semanal. Tamén imparte docencia a mestra de Relixión Católica nunha sesión semanal e a sesión de Atención Educativa será impartida pola titora.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1		1	1	1		1	
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1		1	1	1		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1			1				1
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1		1		1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	SANSA-PROXECTOS	Un procedemento de aprendizaxe globalizado que permite alcanzar uns obxectivos que o docente e o alumnado propoñen a través da posta en práctica dunha serie de accións integradas e planificadas dirixidas a resolver unha situación ou problema previamente establecido, interactuando co grupo e o entorno e usando recursos variados. A través desta metodoloxía de traballo o alumnado, os mestres/as e as familias únense coa finalidade de aprender xuntos.	90	X	X	X
2	SANSA-RECANTOS	Entendidos como espazos organizados dentro da aula que ofrecen diversas alternativas de traballo/xogo ao alumnado coas que se fomentan distintos aspectos da aprendizaxe nun ambiente cálido, lúdico e divertido. Recantos como o das construcións, arte, mates divertidas, letras e biblioteca. Permite traballar os contidos de forma globalizada a través de actividades individuais ou en pequeno grupo, adaptándonos aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe da aula.	90	X	X	X
3	ABENEANDO EN SANSA	Introduciremos a metodoloxía ABN nas aulas de E. Infantil para desenvolver o sentido numérico no alumnado dunha forma sinxela e divertida a través do uso de materiais manipulativos.	50	X	X	X
4	ARTE-LLANDO	É unha proposta na que traballaremos por un lado a arte como linguaxe e como potenciador do proceso de aprendizaxe. Investigaremos e coñeceremos a importancia das cores, os materiais e as técnicas no momento de expresarnos de maneira plástica. As obras de arte terán un lugar na nosa aula.	50	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	ARTE-LLANDO	E polo outro a robótica co Bee-Bote e pequenos retos de aprendizaxe que debe resolver o alumnado programando o robot coa secuencia correcta de movementos para chegar o seu destino e iniciarnos no pensamento computacional a través da manipulación.	50	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	SANSA-PROXECTOS	90

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Emprega os conceptos traballados para localizar obxectos e persoas: diante, preto, dentro, alto, xunto, longo, aberto, grande, mediano...	TI
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais para solucionar dificultades e retos cotiás, tendo unha actitude de interese e respecto polas ideas dos demais.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	É creativo ante os retos que se lle presentan.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa activamente nos proxectos levados a cabo na aula, compartindo e valorando as opinións dos seus iguais.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece os elementos máis significativos do patrimonio cultural, valorando a súa importancia.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Mostra unha actitude de coidado e respecto cara os seres vivos.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Amosa interese por relacionarse positivamente coas persoas do seu entorno.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Coñece e valora as profesións e servizos máis significativos do seu entorno.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Habilidades do pensamento computacional. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - Relacións de parentesco. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
2	SANSA-RECANTOS	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica os números ata o 30. Asocia cantidade-grafía ata o 30.	TI
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Explora as propiedades e características dos corpos xeométricos e as formas tridimensionais: esfera, cubo.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Emprega os conceptos traballados para localizar obxectos e persoas: diante, preto, dentro, alto, xunto, longo, aberto, grande, mediano...	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Inicia o emprego de sistemas de medida arbitrarias a partir de situacións da vida cotiá.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Inicia o emprego de sistemas de medida arbitrarias a partir de situacións da vida cotiá.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais para solucionar dificultades e retos cotiás, tendo unha actitude de interese e respecto polas ideas dos demais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	É creativo ante os retos que se lle presentan.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Coñece e valora as profesións e servizos máis significativos do seu entorno.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
3	ABENEANDO EN SANSA	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica os números ata o 30. Asocia cantidade-grafía ata o 30.	TI
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Explora as propiedades e características dos corpos xeométricos e as formas tridimensionais: esfera, cubo.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Emprega os conceptos traballados para localizar obxectos e persoas: diante, preto, dentro, alto, xunto, longo, aberto, grande, mediano...	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Inicia o emprego de sistemas de medida arbitrarias a partir de situacións da vida cotiá.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Inicia o emprego de sistemas de medida arbitrarias a partir de situacións da vida cotiá.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais para solucionar dificultades e retos cotiás, tendo unha actitude de interese e respecto polas ideas dos demais.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	É creativo ante os retos que se lle presentan.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Habilidades do pensamento computacional. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.

UD	Título da UD	Duración
4	ARTE-LLANDO	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Emprega os conceptos traballados para localizar obxectos e persoas: diante, preto, dentro, alto, xunto, longo, aberto, grande, mediano...	TI
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais para solucionar dificultades e retos cotiás, tendo unha actitude de interese e respecto polas ideas dos demais.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	É creativo ante os retos que se lle presentan.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Coñece feitos, costumes e obxectos relacionados coas celebracións.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Habilidades do pensamento computacional. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (DEC) será precisa unha intervención educativa que faga achega de distintas opcións para o acceso aos contido, que contemple un deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades e que potencie a motivación e as metodoloxías activas aproveitando a curiosidade innata do noso alumnado por descubrir e explorar o mundo que o rodea.

As principais ferramentas de traballo para desenvolver axeitadamente os procesos de razoamento lóxico e o método científico serán as nocións matemáticas, espaciais e temporais , a curiosidade, a resolución de retos e busca de solucións e a promoción de actividades manipulativas e sensoriais , sempre contextualizadas, partindo de coñecementos previos.

Promoveremos actitudes activas de sensibilidade cara o medio ambiente e un fomento cara aos elementos da propia cultura e as demais.

A metodoloxía levada a cabo terá en conta unha serie de principios e liñas de actuación, que dende o nosa visión pedagóxica, son necesarias e imprescindibles para crear situacións de aprendizaxe que conecte cos intereses das nenas e dos nenos, respectando as diversas linguaxes e formas de comunicación e que lle permitirá ao alumnado coñecer, comprender e ser parte activa da realidade que o rodea.

Dentro da metodoloxía desta programación destacamos:

- Principio de globalización: partírase da realidade próxima ao neno/a, dos seus coñecementos previos para, pouco a

- pouco, axudarlle a avanzar na construción dos seus significados co que facilitaremos as aprendizaxes significativas.
- Principio de actividade: os nenos/as precisan facer, manipular, experimentar....para a partir desta actividade construír os seus esquemas cognitivos. O alumnado será protagonista activo do seu proceso de aprendizaxe.
 - Principio de actividade lúdica (gamificación): un recurso didáctico que estará sempre presente na aula é o xogo. O noso alumnado aprenderá xogando e xogará aprendendo.
 - Principio da pedagogía do éxito: a motivación positiva e os pequenos logros diarios serán a base da metodoloxía.
 - A creación dun ambiente de afecto e seguridade, onde o alumnado poida expresar emocións, sentimentos e ideas libremente, desenvolvendo unha autoestima e autoconcepto positivos.
 - Desenvolvemento de proxectos nos que se intentará resolver un problema. Levaremos a cabo actividades de pequenas investigación, búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar a resolución dun problema ou obxectivo proposto, compartir experiencias e os resultados obtidos cos compañeiros/as.
 - Desenvolvemento de actividades para fomentar a sensibilidade cara o medio ambiente e a necesidade de actuar para preservalo, así como un coñecemento da contorna próxima fomentando a súa exploración.
 - Os agrupamentos serán variados en función das necesidades do alumnado e das actividades que se leven a cabo. Teremos agrupamentos en gran grupo: para planificar conxuntamente actividades, exposicións, lecturas, explicacións, debates, asemblea, etc. Agrupamentos en pequeno grupo, ideal para favorecer a interacción cooperativa e traballo individual, que son un bo recurso para fomentar a responsabilidade e a autonomía.
 - Estará moi presente no deseño das actividades os principios do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA), ofertando dentro dunha mesma actividade diferentes maneiras de acceder á información, diferentes modos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.
 - A organización dos tempos será flexible respectando os ritmos individuais de cada neno/a e combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades do alumnado Neste sentido teremos tempos para a expresión e comunicación de vivencias, sentimentos, emocións, coñecementos e saberes...
 - Organización dos espazos da aula por recunchos a través dos cales traballaran os contidos relacionados coa área na que nos atopamos e de xeito globalizado coas demais áreas do currículo. Os recunchos presentes na aula son: recuncho da biblioteca e a palabra; recuncho das construción; recuncho de arte; recuncho do xogo simbólico; recuncho TIC e recuncho do proxecto.
 - As TIC serán un recurso máis para o desenvolvemento das capacidades e habilidades do alumnado. O alumno iniciárase no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais tecnolóxicos: ordenador de aula, tablet de aula, conexión a internet, pizarra dixital, robots Bee-Bot e Tale-Bot, programas elaborados no entorno LIM.
Material funxible: convencionais e non convencionais.
Material sensorial: mesa de luz
Material visual: bits de intelixencia, carteis, fotografías, láminas...
Biblioteca de centro e aula: contos e libros de diferente temática adaptados ás necesidades do alumnado
Material de xogo simbólico: xogos para a cociña, o supermercado, o perruquería, a casa...
Material artístico: lápices, ceras, rotuladores, témperas e acuarelas, pinceis de diverso grosor, plastilina, pasta blanda, folios e cartulinas de cores...
Materias musicais
Material de lóxica-matemática: bloques lóxicos, regretas, crebacabezas...

Material non estruturado: material de refugallo, pezas soltas, elementos da natureza
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)

Entendendo os recursos didácticos como todos aqueles medios que son necesarios para que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa o máis eficaz e profundo posible para dotar á escola de materiais, utilízase o esquema de oferta de materiais (Loughlin e Suina), xa que estes atópanse a disposición dos alumnos para que accedan a eles, respectando as normas habituais de uso.

Os criterios para a súa utilización:

- Disposición: visibles e accesibles.
- Conservación: cada material terá un lugar de recollida.
- Información: preséntase na asemblea para que saiban como utilízalos.
- Almacenamento: os recursos aparecen pouco a pouco o resto gárdase fóra da aula.
- Conservación - renovación: dedicar momentos a reparar materiais cos nenos/as, mestra e cos pais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo. Levarase a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas. Recolleremos datos que consideremos relevantes relacionados cos hábitos de traballo, actitudes dos nenos/as...e tamén usaremos listas de control na que recolleremos os aspectos máis relevantes do proceso de aprendizaxe.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, de razoamento, cálculo, pensamento lóxico, etc. realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.
- Análise do expediente do alumnado e dos datos recollidos na aplicación informática XADE.

Destacar o carácter preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias. Esta avaliación inicial realizarémola cando o alumno/a se incorpore por primeira vez ao centro e ao inicio de cada curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo maestro/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

O tratamento da atención á diversidade, tanto á diversidade do alumnado como na atención educativa con alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, contéplase no referente lexislativo para este curso 2022-2023 da ORDEN de 8 de setembro de 2021 por la que se desenvolve el Decreto 229/2011, de 7 de decembro, e que debe partir das premisas de INTEGRACIÓN-INCLUSIÓN, e recollerase nos diferentes documentos de centro: PXA e Plan de Atención á Diversidade incluído no PE.

A diversidade é unha realidade. Cada alumno e cada alumna ten unhas determinadas necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. En consecuencia, o 2º

ciclo de Educación Infantil (a aula do 6º nivel de EI) ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Contemplaremos medidas ordinarias, que facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro e ás características do noso alumnado. Son as seguintes:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Tamén teremos en conta as medidas extraordinarias, aquelas enfocadas a dar resposta á diversidade do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Son as seguintes:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe..
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- f) Grupos de adquisición das linguas.

Na aula contamos cun alumno con trastorno do espectro autista, polo que temos en conta as seguintes medidas:

- Reforzo por parte do mestre de Pedagogía Terapéutica e a mestra de Audición e Linguaxe.
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH.

- Emprego de elementos visuais para favorecer a comunicación (pictogramas), así como diversos sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.
- Adaptación das tarefas ao seu nivel de aprendizaxe e intereses e motivacións.
- Favorecer a relación social cos demais nenos e nenas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).

Outras medidas de atención a diversidade que teremos en conta na aula son:

-Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.

-Adeuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.

- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.

-Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.

-Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e la atención.

- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.

- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.

- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.

- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais,etc).

Sinalar a importancia da coordinación entre o departamento de orientación, mestres especialistas PT e AL, titora de aula e familia, así como asociacións externas como ASPANAES, ASPANEPS, ALECRÍN e EQUINOSENS, ás cales asiste o alumno.

Durante o pasado curso 4 alumnos/as recibiron apoio por parte da mestra de Audición e Linguaxe, centrado en corrixir o uso inadecuado ou a confusión de determinados fonemas, a comprensión de enunciados, a atención, o contacto visual e a ampliación do discurso. Nestas primeiras semanas de curso fará o seguimento pertinente para valorar a continuación ou non con dito apoio.

Dende a aula aproveitaremos os apoios para dar resposta ás necesidades que presente o alumnado no proceso de ensinanza e aprendizaxe para que todos eles progresen no seu desenvolvemento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Desenvolvemento e xestión emocional a través do proxecto de centro <i>¿As emocións a través do arte¿</i> , os contos, e da participación nas actividades do centro.	X	X		X
ET.2 - Pautas elementales de convivencia a través das rutinas e normas da aula, da participación en actividades conxuntas co alumnado e coa participación no contrato Programa INCLÚE-T. proxecto Patios en E. Infantil e E. Primaria	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.3 - Coidado da contorna e dos seres vivos a través do proxecto Reciclansa do centro no que as 3r (reducir, reciclar e reutilizar) están moi presentes. Colaborar nas actividades do CP Edusostibilidade	X	X		
ET.4 - Educación para o consumo responsable: levar a cabo accións encamiñadas á consecución dos obxectivos da Axenda 2030 e fomentar no alumnado accións destinadas ao coidado da natureza e a redución daquelas accións que causan un gran impacto na mesma.	X	X		X
ET.5 - Educación igualitaria e libre de estereotipos: a través da celebración de datas significativas como o 25 Novembro, 8 de Marzo, día da Muller traballadora, con lecturas coeducativas e participando nas actividades ¿Mulleres na historia na ciencia, na literatura, na arte¿.	X	X	X	X
ET.6 - Promoción e estilos de vida saudable a través da proposta de Merendas saudables, fomento de hábitos de coidado do corpo en relación ao aseo, alimentación, proxecto Patios.	X			
ET.7 - Educación en valores a través de diversas propostas que traten valores vinculados ás súas experiencias, sentimentos e vivencias.	X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades Complementarias 1º Trimestre.	Visita cultural a un Belén. Visitaremos un Belén da zona próxima ao centro, de interese cultural e artístico.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades Complementarias 2º Trimestre.	Visita á Aula de reciclaxe ECOESCOLA As Campeiras en As Pontes. Saída que realizaremos coa finalidade de traballar a importancia da reciclaxe e o coidado do medio ambiente.		X	
Actividades Complementarias 3º Trimestre.	Visita á casa dos peixes en A Coruña. Saída que realizaremos co obxectivo de acercar ao alumnado ao coñecemento do mundo mariño			X
Celebracións e Conmemoracións 1º Trimestre.	Samaín (lectura de medo e merendas terroríficas); Festa do Peón e degustación de castañas no tempo de lecer; Nadal (visita do Reis Mago ou o Apalpador e concurso de tarxetas); Día Universal da Infancia; Día Internacional contra a Violencia de Xénero; Día Internacional das Persoas con Discapacidade.	X		
Celebracións e Conmemoracións 2º Trimestre	Día Escolar da non Violencia e da Paz; Día de Rosalía de Castro; Día Internacional da Muller; Semana da Prensa; Entroido e os Mandados do Meco Paquito.		X	
Celebracións e Conmemoracións 3º Trimestre	Semana das Letras Galegas; Semana do Libro (apadriñando lectores); Fin de curso.			X

Observacións:

Ao longo do curso poden xurdir outras actividades en función dos proxectos que se traballen ou dos intereses e necesidades das situacións de aprendizaxe e do alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalio os coñecementos previos do alumnado en relación ao proxecto traballado e establezo medidas de resposta en función dos resultados.
O desenvolvemento da programación foi acorde co programado.
Grado de consecución dos obxectivos propostos aos alumnos/as.
Grado de adquisición dos contidos mínimos.
Grado de participación e implicación dos alumnos/as.
Progreso do alumno con apoio na aula.
Grado de contribución á consecución das competencias básicas

Metodoloxía empregada
Favorezo a interacción do alumnado con distintos agrupamentos na aula. actividades en gran grupo, pequeno grupo, parellas¿
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos ritmos de aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organizo e doto os recunchos da aula con recursos suficientes.
A organización temporal e espacial é adecuada para as diversas actividades da aula.
Uso materiais variados, suficientes, accesibles., adecuados.
Incorporo as TICs ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Propoño actividades variadas para atender a diversidade.
Emprego distintos procedementos instrumentos de avaliación en función das características do grupo e do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Asisto, participo e colaboro nas reunións convocadas mensualmente pola coordinadora de ciclo (mestres/as do ciclo).
Asisto, participo e colaboro nas reunións entre mestres dos outros ciclos convocadas mensualmente pola Xefa de Estudos.
Establezo as vías e procedementos para facilitar información ás familias: correos enviados e contestados, notas informativas, abalar¿
Informo regularmente às familias dos progresos e dificultades do seu fillo/a.
Facilito a participación das familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as: titorías solicitadas e realizadas.

Descrición:

Os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre a propia práctica docente e o proceso de ensino-aprendizaxe realizado na aula, realizando as modificacións que consideremos oportunas para mellorar a calidade do ensino.

Nivel 0: non se acadou

Nivel 1: acadouse en parte.

Nivel 2: acadouse pero non totalmente.

Nivel 3. acadado na súa totalidade.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao rematar cada trimestre realizaremos un seguimento da programación a través da aplicación PROENS e dende a coordinación de ciclo de infantil e a Xefatura de Estudos.

9. Outros apartados